



Sr. Abel Caballero. Alcalde de Vigo.

Asunto: Reclamación orzamento xeral do Concello de Vigo, incluír nova partida ampliación da Baixada a igrexa

Antonio Collazo Collazo, en calidade de presidente da Asociación Veciñal de Teis, con enderezo a efectos de notificación na rúa Gerardo Campos Ramos 2. Teis. 36207.Vigo.

Expón:

Que o pasado 16 de novembro de 2018, publicouse no boletín oficial da provincia de Pontevedra nº 221, o anuncio polo que se somete a información pública o orzamento xeral do Concello de Vigo para o exercicio de 2019.

Que estudada a documentación do orzamento xeral, observamos que non figura ningunha partida referida a ampliación da Baixada a igrexa.

Desde hai anos a veciñanza denunciámos a estreites nun tramo desta baixada, que impide o paso de vehículos de emerxencia e pasan con moita dificultade os turistas.

Esta baixada e moi utilizada por moita veciñanza, pois e un dos accesos a igrexa parroquial de San Salvador.

A solución pasa por realizar un novo muro ampliando a baixada, no tramo máis estreito entre os números 31 e 54. A construción dun novo muro, permitiría garantir a seguridade da veciñanza e mellorar o acceso no lugar.

Polo que entendemos que debe incluírse unha nova partida para ampliación da Baixada a igrexa, por un importe 120.000 euros

Solicita:

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluír unha nova partida, "**ampliación da Baixada a igrexa**", de 120.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número 9121- 2260201, " difusión e promoción da cidade " ficando esta partida de 185.000 euros en 65.000 euros.

Vigo, 10 de decembro de 2018.

Antonio Collazo Collazo

Presidente da Asociación Veciñal de Teis

Asociación Veciñal de Teis
CIF: 636646545

